

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 25 DE
FEBREIRO DE 2010**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e cinco de febreiro de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Parcero Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Non asiste, con escusa, dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica María Otero López, como secretaria accidental da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, e antes de tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, o Sr. alcalde informa de que se vai dar lectura a unha declaración institucional.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o Partido Popular presentou a seguinte proposta de declaración institucional, da cal todos os grupos municipais teñen xa unha copia.

Declaración institucional ante as palabras manifestadas pola deputada do Congreso dona Rosa María Díez González

Consta do seguinte teor literal:

“O pleno da corporación municipal do Concello de Cambre quere manifestar a súa máis enérxica repulsa ante as palabras pronunciadas pola deputada e voceira do partido Unión Progreso e Democracia nunha entrevista ofrecida o pasado mércores día 24 de febreiro de 2010. Dende o máis profundo orgullo de sentirnos galegos, os concelleiros desta corporación non podemos máis que lamentar as desafortunadas declaracións

realizadas publicamente nas que se deostaba a imaxe de Galicia e dos galegos. Como representantes dos cidadáns desta pequena parte de Galicia, esixímoslle que se disculpe ante a cidadanía galega e que rectifique as súas declaracións xa que non é a primeira vez que as manifesta en público.

Descoñecemos cal é a acepción “pexorativa” de galego coa que se pode cualificar a alguén. Descoñecemos se o sentido “pexorativo” das verbas da señora Díez se debe a ignorancia da persoa que as manifestou. E descoñecemos se existe a posibilidade de que nunha terra de traballadores, emigrantes e emprendedores como é Galicia cabe a posibilidade de que o seu xentilicio se poida utilizar de forma “pexorativa”.

Máis ben o contrario. Poucas terras poden presumir de ter unhas xentes tan hospitalarias, honradas e respectuosas como as de Galicia. Os tempos nos que ser galego foi unha lousa para moitos cidadáns quedou no olvido da inmensa maioría da xente, agás na de algúns polos que non pasou o tempo nin o progreso. Ser galego é un orgullo para todos os cidadáns de Galicia, independentemente da súa ideoloxía e dos seus valores, e todas as forzas políticas de Galicia defendemos o galeguismo integrador e en liberdade como un dos nosos piares básicos. E é por estes motivos polos que queremos convidar á deputada Rosa Díez á nosa terra. Desde esta corporación ofrecémoslle a nosa casa, como a de calquera outro galego, para que coñeza a nosa Galicia, a nosa historia e as nosas xentes.

De ben seguro que quedará prendada delas.”

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo coincide fundamentalmente con esta declaración. Pensa que esa persoa o que ten que facer é pedir desculpas aos galegos e ao conxunto do pobo de Galicia e, seguindo o último que se pon na declaración que se leu, di que Cambre sempre foi terra de acollida, o mellor que teñen é a súa xente, e se tanto Rosa Díez, como calquera outra persoa do mundo os quere visitar, Cambre é unha terra de acollida e unha terra hospitalaria. Cre que as súas palabras o que fan é descualificala como persoa e sobre todo tamén como política.

Conclúe lembrando o que dixo, pens que foi o presidente da Real Academia Galega, que os que fan estas manifestacións teñen unha mentalidade arcaica. O seu grupo, pola súa parte, quere dicir que orgullosos do seu, e orgullosos do galego.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el está absolutamente de acordo coa declaración, pero pensa que o que lle deberían de esixir son explicacións, as desculpas se as quere dar que as dea, pero tamén esixirle explicacións e aclaracións sobre as súas manifestacións.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que el

vai coincidir un pouco co que dixo o voceiro do Partido Galeguista, pero que, en todo caso, para eles non ten maior interese que pida desculpas. Dende logo van apoiar a declaración institucional, pero insiste en que non ten interese ningún en que se desculpe, porque en todo caso as palabras definen perfectamente a cada persoa, e alá ela coa súa responsabilidade.

Lembra que na última campaña electoral das eleccións xerais, cando estaban na feira, apareceu unha caravana de Unión Progreso e Democracia. Tratábase dun grupo de xente de Madrid que viña en autobús, vestidos de rosa, moi simpáticos e, dende logo, ningún dos galegos ou galegas que estaban pola feira, de calquera partido político, de calquera ideoloxía, ou sen ningunha delas, os importunou o máis mínimo, mesmo os miraron con simpatía, seguramente non lles votaron, pero, en todo caso, con acollemento e respecto, cousa que evidentemente ela non está facendo.

O seu grupo vai apoiar esta declaración, pero non teñen ningún interese en que lles pida desculpas, porque non ofende quen quere, senón quen pode. Dende logo eles non se senten en absoluto ofendidos polas palabras desta deputada.

Conclúe dicindo que, aínda que recoñecen a iniciativa do Partido Popular, teríalles gustado que a declaración que se fixo nesta cámara fora lida pola secretaria municipal, como se ten feito noutras ocasións cando se trata dunha declaración institucional que avalian todos os grupos. En todo caso, están de acordo con ela.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo, tamén apoia esta declaración, pero sen darlle maior importancia ás palabras dunha persoa que para eles representa o mesmo respecto que ela lles amosa a eles.

O Sr. alcalde manifesta que, polo tanto, a declaración queda aprobada por unanimidade e, a continuación, trátanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2010, sesión extraordinaria do día 2 de febreiro de 2010 e sesión extraordinaria do día 11 de febreiro de 2010

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2010, sesión extraordinaria do día 2 de febreiro de 2010 e sesión extraordinaria do día 11 de febreiro de 2010.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º Aprobación, se procede, da Ordenanza municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria

Vista a proposta de Alcaldía de data 18 de febreiro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Seguridade Cidadá de data 23 de febreiro de 2010.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que como xa dixo na comisión informativa, o seu grupo vai votar a prol desta ordenanza, dunha normativa que o que vén facer é complementar o que recentemente se aprobou no pleno, que foi delegar na Deputación a xestión do cobro das sancións. Tamén solicita que nesta ordenanza e en todas as ordenanzas que ten o concello, se actúe coa máxima dilixencia e o máximo rigor no seu cumprimento, porque el considera que a súa aprobación é importante, pero máis importante é a eficacia na súa aplicación. As ordenanzas están para levalas a cabo, non só para aprobalas, e por iso pide dilixencia na súa aplicación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita, e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP.

A corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a Ordenanza municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria do Concello de Cambre.

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente aprobada a ordenanza, publicándose integramente no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

3º Mocións

Fóra da orde do día, o Sr. presidente propón que se declare a urxencia e se leve a cabo o posterior debate e votación da proposta de Alcaldía da que lles falou nas comisións informativas e que fai referencia á designación dun representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, motivada a urxencia no escrito recibido da Consellería de Educación o día 19 de febreiro de 2010.

Sometida a proposta de declaración de urxencia a votación ordinaria, votan a prol os vinte concelleiros asistentes á sesión.

A) Proposta de Alcaldía respecto da designación dun representante do Concello de Cambre para formar parte da Comisión de Escolarización

Vista a proposta de Alcaldía de data 22 de febreiro de 2010.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que, como de costume, o seu grupo considera que a responsabilidade de goberno correspóndelle ao Sr. alcalde, e é el o que ten a potestade de nomear ao seu equipo, polo tanto, o voto do PP non vai ser nin a prol, nin en contra, senón abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita, e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP.

A corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Designar representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, curso 2010-2011, a don Jaime Manuel López Lisnier.

Segundo: Comunicar a citada designación ao Departamento Territorial da Consellería de Educación para os efectos oportunos.

A continuación, o Sr. presidente somete a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular para a modificación dos acordos adoptados sobre a mesa de contratación.

Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita, e votan en contra os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, polo que queda rexeitada a declaración de urxencia, por non terse acadado o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, segundo o disposto no art. 108.5 do Regulamento orgánico municipal.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que lle gustaría que se explicase o por que do voto en contra do equipo de goberno, xa que é unha novidade cando a moción tense presentado en forma e prazo. Di que xa é o terceiro cambio que hai no tema das mocións.

O Sr. alcalde explica que, segundo consta no informe que lle pasaron, con data 20 de febreiro de 2010 preséntase unha moción do grupo municipal do Partido Popular para modificación dos acordos adoptados sobre a mesa de contratación. Na devandita moción, propónse ao pleno (punto primeiro da parte dispositiva), que acorde constituír con carácter permanente a mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adxudicación por procedemento aberto, restrinxido e negociado, con e sen publicidade, ou calquera outro permitido pola normativa de contratos do sector público, en todos os expedientes que se incoen no Concello de Cambre.

Con relación a esta proposta que fai o PP, o informe continúa dicindo que o acordo máis recente sobre a composición da mesa de contratación permanente do Concello de Cambre, foi adoptado polo pleno do concello o 26 de febreiro de 2009. Nesa data, o órgano municipal acordou modificar os acordos adoptados en datas 30 de agosto de 2007 e 24 de abril de 2009, e constituír con carácter permanente a mesa de contratación, para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade.

O Sr. alcalde di que con isto o que quere dicir é que o que está pedindo o PP na súa moción, xa o teñen aprobado.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que, en todo caso, o feito de que se discuta a moción ou non tampouco lles importa, o que queda de manifesto unha vez máis é que a transparencia neste concello é cero, e o goberno o que quere é seguir facendo os contratos sen publicidade e co sistema habitual, que é invitar ás empresas que eles queren, e que non se entere ninguén, nin a mesa de contratación, nin os veciños. Por iso, que discutan ou non a moción, dálles igual, o fondo é ese, e tamén saben que, aínda que se aprobase, non se ía levar a cabo. O goberno municipal fai habitualmente o que quere e, polo tanto, que se vote ou non, dálles igual.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que, en todo caso, o que dixo o Sr. alcalde non é de todo certo, porque unha cousa son os procedementos negociados con publicidade, nos que como se di na moción é a lei a que obriga a que se constituía a mesa de contratación. Xa o di a lei e polo tanto non fai falta que o PP presente unha moción para que se faga. Outra cousa son os procedementos negociados sen publicidade, que é o que o seu grupo leva reclamando dende o pasado pleno, que haxa transparencia nese tema, e que todos os membros da oposición participen. Cre que algún outro partido no pleno pasado solicitou algo nese mesmo sentido, que todos os partidos da oposición teñan información puntual sobre estes asuntos.

Continúa dicindo que o órgano colexiado que ten que ter información é a mesa de contratación, e o PP o que propón é que todos os partidos políticos, todos os concelleiros, teñan información de todos os procedementos de contratación que se

realicen no concello, e o equipo de goberno, co seu voto en contra, está impedindo que haxa transparencia no Concello de Cambre, porque o resto é o que di a lei, non o que decidiu o goberno municipal.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que tamén hai que entrar no fondo do debate, e que eles non teñen culpa de que haxa persoas ou grupos que confundan absolutamente todo o que len e todo o que están falando. Di que a mesa de contratación non é ningún órgano de deliberación político, non é ningún órgano de control, é un órgano exclusivamente para cualificar documentación en procedementos de contratación, calquera deles, son procedementos que colle xa iniciados, porque quen os inicia non é a mesa de contratación, senón o órgano de contratación. Di que deberían saber que iso, que nalgúns casos pode ser o pleno, en determinados tipos de contratos dunha determinada duración ou cuns importes definidos, pero no resto dos casos é o alcalde ou concelleiro delegado, ese é o órgano de contratación. A mesa é un órgano técnico para cualificar documentación, única e exclusivamente.

En canto á información dilles que os expedientes de contratación están todos a disposición e abertos para que os concelleiros e concelleiras da corporación os miren, todos eles, durante a súa tramitación e despois. Respecto dos expedientes do FEESL, el leva escoitando un montón de tempo unha morea de insinuacións e acusacións, pero ao final non sabe de que están falando, son xuízos de intencións.

Continúa dicindo que lles vai dicir algo máis, que adoptar unha decisión deste tipo agora mesmo sería dunha auténtica irresponsabilidade, porque eles mesmos citan na moción que o regulamento que rexe o novo plan FEESL, acurta os prazos, e claro que o fai, pero iso non vai a prol da transparencia, iso vai en contra. Di que teñen 20 días para adxudicar obras ou contratos, unha vez que se fan as invitacións ás empresas. Pregúntalles como en 20 días se poden tramitar as invitacións, convocar tres mesas de contratación, que se teñen que convocar con 24 horas de antelación, coa súa orde do día, e logo valorar a documentación que se abre en cada unha delas, e que dea tempo a ter as adxudicacións provisionais en 20 días.

Engade que, ademais, as invitacións e a valoración non as vai facer o órgano de contratación, non as vai facer nin o alcalde nin ningún concelleiro, van facelas os técnicos, os funcionarios, uns en aspectos máis puramente técnicos da obra e outros nos aspectos máis administrativos, iso é así, e os grupos municipais teñen á súa disposición toda esa documentación.

Conclúe dicindo que, por tanto, sería unha auténtica irresponsabilidade, e esa é a razón pola que non lles parece que sexa de urxencia nin apropiado adoptar este acordo, porque ademais todos saben que precisamente para non limitar a capacidade e potestade que legalmente ten un goberno para facer as invitacións neste tipo de procedementos,

abriron un procedemento de solicitudes, e el non viu esa iniciativa nos moitos gobernos que encabeza o PP por Galicia adiante, ou máis alá de Piedrafita, el non coñece nin un só caso no que se fixera. Abriuse un período previo para que as empresas solicitaran poder participar nos procedementos negociados sen publicidade. El non coñece de ningunha administración gobernada polo PP que fixera iso, e fíxose aquí en Cambre. Seguramente iso estará mal tamén, seguramente é mellor crear o que piden na moción, para entorpecer e para chegar ao final deses 20 días que teñen de prazo, e perder a metade do diñeiro que lles vén do FEESL. Di que alá coa responsabilidade de cada quen e que o seu grupo, dende logo, non pode apoiar iso.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que pensa que o voceiro do BNG dixo algo de acusacións, e di que isto non é unha acusación, que o PP non está acusando, eles o que están dicindo é que en Cambre se contratan millóns de euros, iso no mellor dos casos porque tamén hai casos que nin se contrata, pero contrátanse millóns de euros e pídeselles a tres empresas concretas que pasen un orzamento, así é como están facendo en Cambre.

Conclúe dicindo que se presentar unha moción para que iso cambie é ser irresponsables, entón o PP é irresponsable, e vai seguir nesa dirección, e para responsabilidade, evidentemente, a do equipo de goberno.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU-IU. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU-IU.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que sempre e cando as mocións se presenten en tempo e forma segundo o Regulamento orgánico municipal, el non vai votar a urxencia, senón que se vai abster en todas.

C) Moción do grupo municipal de EU-IU para a solicitude de información á Fiscalía sobre o expediente do proceso de selección de persoal do concello

Rexistrada de entrada ao núm. 2128 o día 20 de febreiro, xunto cos rogos e preguntas. Consta do seguinte teor literal:

“No pleno municipal do día 31 de xaneiro de 2008 os grupos municipais do PP, BNG, EU-IU e PG, presentaron unha moción conxunta asinada polos diferentes voceiros,

respecto das presuntas irregularidades detectadas no proceso de selección de cinco prazas interinas de auxiliares administrativos.

Esquerda Unida salienta que hai un acordo plenario acadado ao través dunha moción dos grupos municipais agás do PSOE. A día de hoxe en ningún órgano do concello se deu conta do estado do proceso, pasando meses e anos sen información por parte do goberno.

Se ben é certo que unha das persoas que no seu momento tiña responsabilidades dentro deste proceso xa non forma parte desta corporación. O Sr. alcalde como máximo mandatario do concello non debe esquecer que esta iniciativa creaba expectativas de transparencia no comezo da lexislatura, polo que o noso grupo quere reclamar dilixencia e celeridade para proceder ao esclarecemento dos feitos, polo que recordamos e reiteramos que no pleno do 31 de xaneiro de 2008 tomáronse, entre outros acordos: *“Remitir unha copia do expediente completo deste proceso de selección de persoal ao fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia...”*

Transcorridos dous anos, entende o noso grupo que pasou tempo suficiente para que o goberno informe ao pleno da situación do expediente, ou do contrario se tomen as medidas pertinentes para solicitar á Fiscalía información sobre a tramitación do problema denunciado.

Polo exposto o noso grupo solicita ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Que o pleno do concello de acordo coa transparencia que debe existir na institución municipal e en consonancia coa moción presentada o 31 de xaneiro de 2008, reclame da Fiscalía coa máxima celeridade, información relativa á situación do expediente sobre as irregularidades detectadas no proceso de selección de cinco prazas de auxiliares administrativos.

Segundo: Da información facilitada por parte da Fiscalía, dar conta aos grupos municipais representados na corporación.”

Concedida a palabra a dona Carmen Tato Lago, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o coñecemento que teñen no goberno municipal é o mesmo que pode ter o Sr. Taibo, e do que xa se lle informou verbalmente cando fai uns meses foi xunto ao xefe de Persoal, quen lle informou de que existían unhas dilixencias de investigación, co núm. 6/2008 nas que se poñía en coñecemento, aos efectos procedentes no día da data, e de conformidade co acordado nas dilixencias de investigación de referencia, que a documentación remitida sobre selección de cinco prazas interinas de auxiliares administrativos se remitiu ao xulgado decano da Coruña, para o seu reparto a quen correspondese, co fin de incoar dilixencias previas para a súa correcta instrución.

Di que ese escrito está asinado pola fiscal-xefe, e o rexistro de entrada é de data 7 de maio de 2008. A partir dese momento, que ela saiba, non teñen máis información, supoñen que estará no xulgado.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o obxectivo desta moción é cumprir coa responsabilidade que teñen cara a sociedade en xeral, e cara aos veciños de Cambre en particular, tratando un pouco de dignificar o que é a política neste concello.

Cre que despois da explicación que deu a Sra. concelleira, da cal lle solicita unha copia, a moción o que pide é que se sigan interesando ante a Fiscalía pola situación na que está este proceso, porque todos recordan que na moción que se presentou en xaneiro de 2008 se denunciaban situacións que el considera graves, sobre todo ante a alarma creada polas presuntas irregularidades no procedemento e unha serie de cuestións que lle parece que merecen que se interesen en saber como se atopa esta situación. Pensa que esa xestión é un deber do goberno e que, ao mesmo tempo, é unha obrigaición dos grupos da oposición, e por iso eles presentaron a moción.

O Sr. alcalde manifesta que van votar esta cuestión, xa que se tratou como unha moción, aínda que en realidade é un rogo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que eles, dende que a secretaria xeral lles facilitou o informe que fixo, teñen moito coidado en intentar diferenciar o que é un rogo e o que é unha moción, e están convencidos de que isto é unha moción, sobre todo cando vén precedido doutra moción e non teñen outra maneira de que se vote.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o PP presentou unha moción que non se vai discutir, porque parece que non é urxente, e ademais porque é unha irresponsabilidade por parte de quen a presenta. Agora outro grupo político presenta unha moción para recordar algo que pasou fai máis dun ano, e que foi gravísimo, a contratación irregular de cinco administrativos. Quere lembrar que grupos que hoxe gobernan e teñen unha cor diferente na percepción da realidade, foron moi críticos no seu momento, pero resulta que o PP é irresponsable por falar de que se está contratando dunha forma moi mellorable, e pola contra aquí hai unha moción que pregunta como está na Fiscalía unha contratación irregular.

Conclúe dicindo que algo haberá que falar das contratacións en Cambre.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que non sabe por que ao Sr. Cubeiro lle parece tan estraño que haxa quen vote en contra da urxencia dos seus intentos de moción, cando foi el quen inaugurou esa

práctica, precisamente o mes pasado. Di que por cortesía, agás raras excepcións, antes case sempre todos votaban a urxencia das mocións que presentaban os demais. O PP rompeu esa norma de cortesía e agora estráñase de que os demais fagan o mesmo.

Continúa dicindo que en canto a moción, el sabe perfectamente de que ía a moción aquela que se aprobou no pleno de xaneiro de 2008, xa que foi el mesmo quen a redactou. Había dúas disposicións que eran as fundamentais, que era remitir o expediente completo á Fiscalía, e remitirllle o expediente completo ao Valedor do Pobo. Eles teñen coñecemento da contestación da Fiscalía, que foi aos poucos meses de remitirlllo, dicindo que daba traslado do expediente ao xulgado de instrución e, polo tanto, cumpriuse con aquel acordo plenario. O Valedor do Pobo contestou tamén, dicindo que unha vez que estaba en trámite xudicial, que se inhibía.

Di que o que non poñía a moción, e iso pode que fora un esquecemento de todos, do que redactou a moción e tamén dos que a apoiaron, era que se cadra tiñan que ter posto que o concello se persoara como parte no proceso, porque entón si terían información puntual de como segue o proceso, pero en todo caso na Fiscalía xa está.

Agora o que pon na moción de EU-IU de dirixirse á Fiscalía para preguntar como está o tema, iso xa nolo dixeron o 7 de maio de 2008, e por iso lle parece que non ten ningún obxecto a moción. O pleno naquel momento adoptou responsablemente a decisión que cría oportuna, que era remitir o expediente. Agora son outros estamentos do Estado, neste caso a administración de Xustiza, quen ten o tema nas súas mans.

Di que tampouco están preocupados e que fai pouco viron na prensa que nun caso de aquí de Cambre, por un desacato, unha rotura de precintos en Cecebre, hai unha petición de 9 meses do fiscal, por algo que aconteceu hai sete anos, refírese ao tema de Graveiras do Barcés. Son sete anos, e todos saben a xustiza como está, pero iso non é cuestión de amañalo dende aquí. A Fiscalía pasouno ao xulgado de instrución e o Concello de Cambre non se personou como parte, polo tanto, o que se pide na moción non ten obxecto neste momento.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que agora parece que non ten obxecto nada, pero que cando se presentou a moción, e cando se pediu que se investigara, si que tiñan obxecto moitas cousas. El quere dicir con isto que este tema non debe quedar durmido no pasado, porque como ben dixo, non sabe se foi o propio Sr. Iglesias unha vez, hai que olvidarse do pasado e tirar cara o futuro, pero dille que o pasado non hai que esquecerlo tampouco, e estas cousas non se deben esquecer, deben seguir presentes, porque a moción que se presentou no 2008 trouxo bastante polémica e formou unha revolución aquí en Cambre. O que eles queren é que non se esquezan os feitos e que non quede durmido no pasado.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta

que el está de acordo coa moción e que, ademais, o que se pide é que o goberno se dirixa á Fiscalía para saber como segue o tema, e el pensa que iso tampouco é ningún problema.

O Sr. alcalde manifesta que poden aprobar a moción solicitando ao xulgado que lles dea información sobre a documentación que se mandou á Fiscalía.

Todos os asistentes amosan a súa conformidade.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Que o pleno do concello de acordo coa transparencia que debe existir na institución municipal e en consonancia coa moción presentada o 31 de xaneiro de 2008, reclame do xulgado coa máxima celeridade, información relativa á situación do expediente sobre as irregularidades detectadas no proceso de selección de cinco prazas de auxiliares administrativos.

Segundo: Da información facilitada por parte do xulgado, dar conta aos grupos municipais representados na corporación.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción conxunta presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

D) Moción conxunta presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG relativa ao “Día internacional da muller traballadora”

Rexistrada de entrada ao núm. 2129 o día 20 de febreiro de 2010. Consta do seguinte teor literal:

“O Concello de Cambre quere celebrar a conmemoración do 8 de marzo dun xeito reivindicativo e visualizador da situación de discriminación que padecen as mulleres en xeral, e as galegas en particular.

A análise sobre a situación das mulleres en Galicia -ao igual que no resto do mundo- evidencia que a reivindicación de igualdade real segue tendo plena vixencia. Todos os indicadores evidencian a persistencia da discriminación de xénero.

O mercado laboral segue sendo discriminatorio. As mulleres padecen taxas de paro moi elevadas, cobran salarios inferiores e padecen moitos máis recortes debido á crise económica. Por outra banda, sofren un desigual reparto das tarefas derivadas do coidado e das reprodutivas, así como das tarefas domésticas.

Por todo isto, o goberno do Concello de Cambre solicita do pleno da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Reclamar á Xunta de Galicia:

- O desenvolvemento da Lei de igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia
- O desenvolvemento das actuacións previstas na Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero
- A elaboración dun Plan de emprego para as mulleres que recolla medidas concretas para garantir o principio de a igual traballo igual salario e que incorpore liñas específicas para atallar a discriminación das mulleres nos ámbitos produtivos nos que hai importante presenza feminina
- Paralización do desmantelamento de servizos públicos que redundan no benestar das mulleres en particular como: as equipas de igualdade e benestar, os centros de información ás mulleres, programas de conciliación (Kanguros/as, escolas infantís, centros de día, prazas en residencias, ...)

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que é sorprendente que esta moción a presenten conxuntamente o PSdeG-PSOE e o BNG, xa que os alcaldes do PSOE foron especialmente críticos con todas estas iniciativas que tivo o BNG na Xunta de Galicia. Di que non deixa de ser curioso que o Sr. Quintana, que era o vicepresidente, comprometera obras por máis de 100 millóns de euros sen orzamento. O Sr. Quintana ía aos sitios e prometía obras deste tipo sen orzamento. O Consorcio ten neste momento máis dun millón de euros en facturas sen aclarar, ten máis de 800.000 euros en facturas sen recibo, e o novo Consorcio, que agora están estudando como vai ser, vai ver reducidos os gastos de publicidade nun 70%, o que vai supor un aforro de 1,2 millóns de euros. Di que iso é o que hai que facer, menos publicidade e máis investimentos.

Di que falan tamén de que se paralice o que chaman “o desmantelamento”, e dilles que o 80% da contratación de persoal que fixo o Consorcio, é temporal.

Tamén piden na moción a elaboración dun plan de emprego para as mulleres que recolla

medidas concretas para garantir o principio de a igual traballo, igual salario, e non deixa de ser curioso que en Cambre, a anterior concelleira de Obras e Servizos, que é muller, tivera un salario de 24.000 euros, e o actual concelleiro de Obras e Servizos, que é home, teña un salario de 48.000. Di que deberían comezar eles por aplicarse a si mesmos o que queren para os demais. Por todo isto, o PP vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que ao seu grupo non lle gusta frivolar con este tipo de mocións, que se está a referir nalgúns casos á discriminación da muller. Lamenta que se teñan que seguir presentando mocións para ver a situación de discriminación e desigualdade que sufren as mulleres no mundo, na procura de esixir uns dereitos conseguidos a base de loita e da súa reivindicación. Por todo isto, o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el está de acordo coa moción, está de acordo coa exposición, pero tamén lle gustaría saber que é o que fai o goberno municipal do Concello de Cambre por todos estes temas, porque tamén algo ten que facer. Pensa que tamén o concello, a corporación municipal, ten responsabilidades para facer sobre estes temas, e aquí só se lle reclama á Xunta. Cre que deberían explicar un pouco que é o que están a facer polo tema da igualdade da muller en Cambre.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que a súa posición, xa que a moción a presentaron dende o goberno, claro está que vai ser favorable. Case está por non dicir nada e subscribir as palabras do voceiro de EU-IU, porque parécelle que, organizar un debate político sobre cousas que non teñen nada que ver co que se trae aquí, parécelle frivolar, e ademais dunha maneira realmente horrorosa. Pensa que hai que ser un pouco máis responsable coas cousas que teñen entre mans. Cre que ao final o que están é aproveitando unha data, que é o Día internacional na que se conmemoran en todo o mundo os dereitos das mulleres, e achegar o seu gran de area tamén dende Cambre.

Quen ten a postestade nas políticas que poden ir modificando pouco a pouco as cousas, é a propia Xunta, e polo tanto son declaracións no mesmo sentido que se teñen feito todos os anos. Di que el cre que é importante, e que as outras cousas das que falou o PP non veñen a conto, aquí non están propoñendo nada diso que dixeron. O que si sería interesante é, falando de políticas de igualdade, e indo ao concreto, aínda que non se fale aquí do concreto, é ver que vai pasar coa escola infantil pública, a segunda, que se ía facer aquí en Cambre, para a cal se cedeu a parcela, ou o centro de día, iso se cadra sería o interesante, pero di que non quere falar diso, quere falar da declaración presentada.

Conclúe dicindo que hai temas que non son para facer xogo político e el cre que deben concitar unha certa solemnidade e responsabilidade, e pensa que isto hai que declaralo

ao goberno da Xunta, governe quen governe, porque vai no mesmo sentido que foi sempre, e parécelle apropiado que a corporación o faga por unanimidade, pero alá cada quen coa súa responsabilidade.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que el pediu que se explicase un pouco o que se está a facer por este tema dende o goberno municipal, porque el está de acordo con este tema, pero se ninguén lle dá unha explicación do que pide, sentíndoo moito non vai poder apoiar a moción.

O Sr. alcalde manifesta que, independentemente do que se está facendo, el cre que é unha defensa da muller cara o emprego, en calquera parte do mundo. En Cambre están facéndose xestións, estanse facendo cursos, estase intentado colocar a algunhas persoas, aínda que non hai moitos traballos. Cre que se está facendo un labor bastante importante, e cre que en poucos días a concelleira poderá dar unha relación do que se fixo durante o ano pasado e aí verán un pouco en que se traballaou.

Conclúe dicindo que esta é unha moción institucional, a nivel de todos.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que se é a nivel institucional habería que mandala á Xunta de Galicia, ao Goberno Central, e seguramente ata ao presidente dos EEUU, é dicir habería que mandala a máis sitios, non só á Xunta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita, e votan en contra os seis concelleiros presentes do PP.

A corporación, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. presidente, dáse conta pola secretaria accidental da corporación dos seguintes asuntos:

- Dos escritos presentados polos voceiros dos grupos municipais, en cumprimento do acordo adoptado na sesión extraordinaria do pleno da corporación de data 2 de febreiro de 2010, nos que se designan aos membros das comisións informativas, segundo se transcribe a continuación:

A) Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego

- do PS de G-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Jaime Manuel López Lisnier	Antonio Varela Saavedra
Carmen Tato Lago	José Francisco Parceró Rial
M ^a Ángeles Míguez Mouzo	Erundina Prado Arcay

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Felipe Andreu Barallobre	M ^a Jesús González Roel
Nicolás Cubeiro Martínez	M ^a Jesús Vieites Mariñas
Santiago Manuel Ríos Rama	Goretti Pérez Eléxpuru

- do BNG:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Antón Otero Domínguez	Laura Fernández Martínez
Henrique Xabier Iglesias Oviedo	Gumersinda Becerra Montes

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Juan Antonio Fernández López	Luis Miguel Taibo Casás

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	-----

- concelleira non adscrita

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
M ^a Beatriz Ramos Padín	-----

B) Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior

- do PS de G-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
-------------------	-------------------

<u>Carmen Tato Lago</u>	Antonio Varela Saavedra
Jaime Manuel López Lisnier	Erundina Prado Arcay
José Francisco Parcerio Rial	M ^a Ángeles Míguez Mouzo

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Felipe Andreu Barallobre	M ^a Jesús González Roel
Nicolás Cubeiro Martínez	M ^a Jesús Vieites Mariñas
Santiago Manuel Ríos Rama	Goretti Pérez Eléxpuru

- do BNG:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Laura Fernández Martínez	Gumersinda Becerra Montes
Henrique Xabier Iglesias Oviedo	Antón Otero Domínguez

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Juan Antonio Fernández López	Luis Miguel Taibo Casás

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	-----

- concelleira non adscrita

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
M ^a Beatriz Ramos Padín	-----

C) Comisión Informativa de Transportes, Mobilidade, Patrimonio, Cultura e Contratación

- do PS de G-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
José Francisco Parcerio Rial	Carmen Tato Lago
Erundina Prado Arcay	M ^a Ángeles Míguez Mouzo
Jaime Manuel López Lisnier	Antonio Varela Saavedra

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Goretti Pérez Eléxpuru	Nicolás José Cubeiro Martínez
M ^a Jesús González Roel	José Antonio Baamonde López
M ^a Jesús Vieites Mariñas	Santiago Manuel Ríos Rama

- do BNG:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Gumersinda Becerra Montes	Laura Fernández Martínez
Henrique Xabier Iglesias Oviedo	Antón Otero Domínguez

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Luis Miguel Taibo Casás	Juan Antonio Fernández López

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	-----

- concelleira non adscrita

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
M ^a Beatriz Ramos Padín	-----

D) Comisión Informativa de Urbanismo e Seguridade Cidadá

- do PS de G-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Antonio Varela Saavedra	José Francisco Parceró Rial
Jaime Manuel López Lisnier	M ^a Ángeles Míguez Mouzo
Carmen Tato Lago	Erundina Prado Arcay

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Nicolás José Cubeiro Martínez	Santiago Manuel Ríos Rama
Felipe Andreu Barallobre	M ^a Jesús González Roel

Goretti Pérez Eléxpuru	M ^a Jesús Vieites Mariñas
------------------------	--------------------------------------

- do BNG:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Henrique Xabier Iglesias Oviedo	Gumersinda Becerra Montes
Antón Otero Domínguez	Laura Fernández Martínez

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Luis Miguel Taibo Casás	Juan Antonio Fernández López

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	-----

- concelleira non adscrita

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
M ^a Beatriz Ramos Padín	-----

E) Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos

- do PS de G-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Carmen Tato Lago	Antonio Varela Saavedra
Erundina Prado Arcay	Jaime Manuel López Lisnier
M ^a Ángeles Míguez Mouzo	José Francisco Parceros Rial

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Santiago Manuel Ríos Rama	M ^a Jesús González Roel
Nicolás José Cubeiro Martínez	Goretti Pérez Eléxpuru
Felipe Andreu Barallobre	José Antonio Baamonde López

- do BNG:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Henrique Xabier Iglesias Oviedo	Laura Fernández Martínez
Gumersinda Becerra Montes	Antón Otero Domínguez

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Luis Miguel Taibo Casás	Juan Antonio Fernández López

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	-----

- concelleira non adscrita

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
M ^a Beatriz Ramos Padín	-----

F) Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo.

- do PS de G-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
José Francisco Parceros Rial	Antonio Varela Saavedra
Erundina Prado Arcay	Carmen Tato Lago
M ^a Ángeles Míguez Mouzo	Jaime Manuel López Lisnier

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
M ^a Jesús Vieites Mariñas	Nicolás José Cubeiro Martínez
Goretti Pérez Eléxpuru	Santiago Manuel Ríos Rama
José Antonio Baamonde López	M ^a Jesús González Roel

- do BNG:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Laura Fernández Martínez	Henrique Xabier Iglesias Oviedo
Antón Otero Domínguez	Gumersinda Becerra Montes

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Juan Antonio Fernández López	Luis Taibo Casás

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	-----

- concelleira non adscrita

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
M ^a Beatriz Ramos Padín	-----

F) Comisión Especial de Contas.

- do PS de G-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Antonio Varela	Erundina Prado Arcay
<u>Saavedra</u>	
Jaime Manuel López Lisnier	M ^a Angeles Míguez Mouzo
Carmen Tato Lago	José Francisco Parceró Rial

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
M ^a Jesús González Roel	Nicolás José Cubeiro Martínez
M ^a Jesús Vieites Mariñas	Felipe Andreu Barallobre
José Antonio Baamonde López	Santiago Manuel Ríos Rama

- do BNG:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Antón Otero Domínguez	Laura Fernández Martínez
Henrique Xabier Iglesias Oviedo	Gumersinda Becerra Montes

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Luis Miguel Taibo Casás	Juan Antonio Fernández López

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	-----

- concelleira non adscrita

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
M ^a Beatriz Ramos Padín	-----

- Do escrito procedente do voceiro do Grupo Parlamentario Popular, do *Congreso de los Diputados*, rexistrado de entrada ao núm. 1670, o día 8 de febreiro de 2010, no que se acusa recibo do acordo adoptado polo pleno do concello, en contra da subida de impostos prevista nos Orzamentos xerais do Estado para 2010.

- Dar conta da aceptación do cargo de concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Emprego, efectuada por dona M^a Ángeles Míguez Mouzo.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 363, de 22 de febreiro de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Delegar a presidencia das comisións informativas que de seguido se relacionan, nos concelleiros delegados que igualmente se indican:

- Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego: don Jaime Manuel López Lisnier

- Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior: dona Carmen Tato Lago

- Comisión Informativa de Transportes, Mobilidade, Patrimonio, Cultura e Contratación: don José Francisco Parceros Rial

Segundo: Mantéñense as delegacións efectuadas por Resolución de Alcaldía núm.1641/2009, de 14 de setembro de 2009, respecto das comisións informativas e concelleiros que igualmente se indican:

- Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos: don Henrique Xabier Iglesias Oviedo.

- Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo: dona Laura Fernández Martínez.

Terceiro: A teor do previsto nos artigos 41 d) e 80.1 a) do Regulamento orgánico municipal, notifíquese aos interesados, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e dease conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.”

- Do escrito da *Dirección General de Coordinación Financiera con las CCAA y con las EELL*, do *Ministerio de Economía y Hacienda*, rexistrado de entrada ao núm. 1458 o día 5 de febreiro de 2010, no que se comunica o acordo de denegación do recoñecemento do dereito á compensación solicitado para o Concello de Cambre polas cantidades deixadas de percibir como consecuencia da bonificación do 95% aplicada nas cotas do Imposto sobre bens inmobles, a prol da empresa Autopistas del Atlántico, S.A. (AUDASA), que nos exercicios 2005 a 2008 cuantifican nun total de 805.649,35 euros, así como os intereses legais tamén reclamados.

5º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 2131 o día 20 de febreiro de 2010.

1º Os orzamentos municipais tiñan que terse aprobado no mes de decembro. O novo concelleiro de Facenda asegurou durante o pasado pleno ordinario que durante este mes de febreiro se daría traslado á oposición dun borrador do texto. Rogamos ao equipo de goberno que nos informe do motivo polo que aínda non se teñen aprobado os orzamentos de Cambre para 2010.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que, efectivamente, el dixo que crian que terían tempo suficiente para telos neste pleno, non obstante están bastante avanzados ou moi avanzados, e a próxima semana pasarán unha copia a todos os grupos políticos dos orzamentos para o ano que vén, os estudarán, e ademais quere reunirse con cada grupo para velos. Di que a semana que vén, con toda seguridade, os terán, teñen xa o borrador feito, e a semana que vén reuniranse co resto dos grupos.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que os orzamentos tiñan que estar aprobados o 31 de decembro, e xa están a finais de febreiro, e supón que no equipo de goberno serán conscientes do pouquiño que vale a súa palabra porque é o de sempre, dicir que para o mes, para mañá, para a semana, en xaneiro dixéronlles unha cousa e agora estallan dicindo outra, e Cambre está sen orzamentos. Di que hai que recordar a gravidade de que un concello funcione sen orzamentos, iso significa que cando se aproban, no mes de agosto, como adoita ser habitual en Cambre, xa non dá tempo a investir o orzamento destinado a investimentos, co cal as obras quedan sen facer, pero

agora si o entenden, agora vai haber eleccións o ano que vén, e interésalles atrasar o máis posible os investimentos para en vésperas das eleccións facer todo xunto, para que dea a sensación de que realmente en Cambre se traballa moito. Di que ese é o único obxectivo que teñen eles en atrasar os orzamentos.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que non hai tal atraso, que en todo caso o atraso foi dunha semana, aproximadamente, pero que non se preocupe que a semana que vén estarán presentados.

2º Rogamos nos informen de cal é o estado da contratación da auditoría externa que no mes de novembro se ía contratar de forma inmediata.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que a tramitación iniciouse o 18 de xaneiro de 2010, nesa data mandouse un oficio ao Colexio de Economistas solicitando que nos informasen sobre o prezo que podería ter este contrato, e no suposto de que se dispuxera dun prego de prescricións técnicas, que nolo facilitasen. Tiveron resposta do colexio o 26 de xaneiro de 2010, e nesa resposta dicían que os honorarios da auditoría se establecerían en función do alcance do traballo e das horas empregadas nel, e que as prescricións técnicas deberían axustarse á normativa reguladora da profesión de auditor.

Ante isto, por providencia de Alcaldía de 1 de febreiro de 2010, solicitouse un informe aos departamentos de Secretaría, Intervención, Réxime Interior e Urbanismo, relativo ao número de expedientes tramitados entre os anos 1999 e 2009. Unha vez emitidos estes informes, enviáronse o día 9 de febreiro de 2010, tres peticións a tres empresas de auditoría para que nos indicaran, tendo en conta o volume dos expedientes a tramitar o alcance dos traballos cuxa contratación se solicita, e tamén o posible prazo de execución dese traballo e o prezo.

Di que segundo os datos que transmitiron os departamentos hai 234 expedientes de contratación de persoal, 5.244 licenzas urbanísticas e 936 expedientes de contratación, e que todos eses datos se lles remitiron, cos importes dos orzamentos dende 1999 ata 2009, ás tres consultoras.

Conclúe dicindo que están agardando a resposta das consultoras.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que hoxe ten que dicir que a resposta é satisfactoria.

3º Rogamos nos informen do contido das alegacións formuladas polo goberno local sobre o Proxecto construtivo de supresión de pasos a nivel no Concello de Cambre na liña Palencia-A Coruña.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o 17 de febreiro foi remitido un

escrito de alegacións por parte do alcalde polo tema dos pasos a niveis que se van a suprimir en Cambre e que o que ten máis interese, porque dende o goberno municipal é onde lles parece que a solución que se adopta non é a adecuada, é o que comunica Socampo con Meixigo. Di que se presentou unha alegación onde propoñen que, en vez da pasarela proposta cunhas dimensións que poderían provocar un impacto visual importante e que ademais eliminaría definitivamente a posibilidade de paso de turismos por alí, que o substitúan por un paso subterráneo, ese é o contido fundamental.

En calquera caso di que para as tres intervencións que van facer, que vai ser subterránea tamén a do Canal, o que se lles indicaron é que teñen que cumprir co regulamento de accesibilidade que está vixente en Galicia.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 2128 o día 20 de febreiro, xunto coa moción e as preguntas.

1º Sobre a mellora da transparencia na selección das empresas que realizarán as obras do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local.

Os dereitos de información e participación dos cidadáns na vida pública, aparecen de forma expresa no ordenamento xurídico español incluída por suposto a Constitución.

O índice de transparencia dos concellos céntrase en cinco grupos relevantes de información:

- a) Información sobre a corporación municipal
- b) Relación cos cidadáns e a sociedade
- c) Transparencia económica-financeira
- d) Transparencia nas contratacións de servizos
- e) Transparencia en materia de urbanismo e obras públicas

Esta información debe atoparse nas webs das distintas corporacións locais para que os cidadáns poidan participar en igualdade de condicións e con coñecemento de causa sobre temas de especial relevancia na vida dos nosos municipios.

Por todo iso, e dadas as dificultades que gran parte dos cidadáns teñen para acceder á información de carácter municipal:

O grupo municipal de EU-IU prega que rematado o prazo e a posterior selección de empresas para participar no FEESL, se publique na páxina web municipal a información relativa ás empresas adjudicatarias das obras e aos proxectos a executar; do mesmo modo que se publicou a información sobre *recepción de solicitudes para participar nos*

procedementos de contratación de obra, subministración ou servizos con cargo ao FEESL.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que ten que dicir que antes xa se fixo referencia a unha iniciativa que tiña presentado o seu grupo no anterior pleno, e nese sentido o que piden aquí é que se complemente.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que el tamén quere facer unha pregunta para aclarar, porque non entende moi ben o que se pide. Non sabe se na segunda parte o que pide é que se publique na web a relación de empresas que solicitaron participar nos procedementos.

Unha vez que o voceiro de EU-IU lle confirma ese punto, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que respecto da primeira parte están de acordo e que xa se fai así, ou sexa, que a información relativa ás empresas adxudicatarias publíquese no Perfil do contratante xa dende fai moitísimo tempo, porque é unha prescrición legal e así se vén facendo, e así se seguirá facendo con todas as adxudicacións, sexa cal sexa o procedemento a seguir, aberto, restrinxido, negociado con publicidade ou negociado sen publicidade.

Respecto do segundo di que se poden atopar cunha cuestión de protección de datos e de autorización. Unha cuestión é que se lle adxudique a unha empresa, e iso automaticamente sae publicado, onde sexa necesario, na web, na prensa, no boletín oficial, ..., e outra cousa é ter a autorización das que se presentaron e solicitaron ser invitadas, para poñer o seu nome na páxina web. El se as empresas así o din, non ten ningún problema, en todo caso é unha cuestión a consultar, pero cren que non poden facelo, porque ese non é ningún procedemento regulado e terían que contar coa autorización para poder facelo. Sería o mesmo que poñer datos na páxina web de calquera que presente por Rexistro de Entrada unha petición, calquera veciño, calquera entidade. Di que a información e a transparencia ten tamén unhas limitacións na protección dos datos das propias persoas que solicitan as cousas.

O que si van facer, sen ningún tipo de problema e así o tiñan pensado, é dar coñecemento a todos os voceiros das 65 solicitudes que teñen, xa que os concelleiros tamén saben que están suxeitos a custodiar a información e a manipulala co rigor que se esixe nestes casos, é dicir, como membros da corporación van ter esa información. En canto aos cidadáns van ter a información das empresas que resulten adxudicatarias, unha vez que os procesos estean en marcha e se adxudiquen, iso xa é obrigatorio.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que eles o que pretenden é que haxa unha transparencia neste tipo de xestión municipal.

2º Sobre a modificación da RPT.

Determinados temas de negociación colectiva do persoal do concello, levan tempo estancados, influíndo dun xeito moi importante nos traballadores/as, aínda que neste mesmo foro prometéuselles unha revisión da RPT para actualizar a situación dos empregados públicos do noso concello.

É polo que pregamos se nos informe para cando ten pensado o goberno convocar a mesa de negociación, e dar solución á situación de incerteza existente que contribúe a turbar as normais relacións laborais que deberan existir.

Dona Carmen Tato Lago contesta que apenas fai dúas semanas que acaba de aterrar na Concellería de Réxime Interior e Persoal, e estase informando dos temas pendentes e urxentes que hai en Persoal. O primeiro que solicitou ao departamento de Réxime Interior foi poñer todo en marcha para convocar unha reunión coa Mesa de Negociación e coa Xunta de Persoal para tratar dos temas aos que se refire EU-IU, como é a RPT. Di que unha vez estea posta ao día será o primeiro que vaia facer.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que trouxo este tema porque todos deben lembrar, e non esquecer, o compromiso existente por parte do goberno municipal, de iniciar un proceso negociador a partir do mes de setembro pasado. Ese é un acordo do que se falou no pleno, que a partir de setembro se ían reunir coa xunta de persoal e con todos os xefes de departamentos para a recualificación de diversos postos de traballo, e novas valoracións e asignacións das súas tarefas. Pensan que xa pasou tempo suficiente como para que se informe deste tema e para que se reunisen coa xunta de persoal.

Dona Carmen Tato Lago contesta que lle volve dicir que por circunstancias que todos saben non foi posible, e que unha vez que se poña ao día é o que se vai facer. Evidentemente non quere convocar á mesa simplemente por convocala, pero en canto mire os temas que hai será cando o faga, non só facer unha relación de postos de traballo, senón tamén unha valoración.

3º Sobre a expropiación dos terreos para o novo colexio na Barcala.

Recentemente os medios de comunicación publicaban os problemas existentes cunha promotora e coas expropiacións dos terreos onde está prevista a construción do novo colexio en Lendoiro na Barcala.

Por isto que o noso grupo fai o seguinte rogo:

Se nos informe do problema existente coa dita promotora, e en que situación se atopan as expropiacións dos mencionados terreos.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que por Resolución de Alcaldía de 3 de febreiro de 2010 foi aprobado o expediente de expropiación. A partir desa data quedan 20 días de proceso por se hai algún propietario que poida presentar a súa disconformidade. Acabado ese prazo de 20 días enviarase ao xurado expropiatorio da Xunta de Galicia, e a partir dese momento poderase fixar día e hora para levantar as actas de ocupación.

Di que as alegacións foron todas rexeitadas polos técnicos correspondentes. Houbo algunhas pequenas alegacións que se estimaron parcialmente, pero tratábase de detalles como falta de titulares, porque houbo quen reclamou cousas como que eran copropietarios dalgunha parcela. As demais foron todas desestimadas polos técnicos. Está todo preparado para enviar ao xurado de expropiación da Xunta de Galicia.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que desta resposta deduce que non existe ningún tipo de problema cunha promotora que se dixou que denunciou.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que non.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 2227 o día 22 de febreiro de 2010.

1º Rogo se informe en que estado se atopa o expediente para a contratación do PXOM de Cambre.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que o expediente está completo, xa se redactaron os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e xa foron emitidos os informes favorables correspondentes. Está sometido á fiscalización da Intervención municipal, polo que a vindeira semana darase traslado para anunciar a licitación no diario oficial da Unión Europea.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), agradece a resposta e di que xa ía sendo hora, agarda que para o próximo mes non teña que volver preguntar por este tema, como xa preguntou o mes pasado.

2º Rogo se informe para cando ten pensado o goberno municipal arranxar o balado metálico na rúa de acceso ao polideportivo municipal de Cambre (fronte ao colexio).

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que de maneira inmediata. Di que é certo que hai uns tramos que romperon despois dunha reparación que se fixera a finais do verán. Pedírase un orzamento a unha empresa, porque era un importe pequeno, tardou en traelo, e cando o trouxo os técnicos municipais dixeron que o prezo era desmesurado e non lle deron o visto e prace.

Di que está a falar do mes de decembro, cando xa remataran os cursos de formación e non tiñan a posibilidade de fabricar ese material, que é fácil de facer nos cursos municipais, agora están de novo en marcha e o que van facer é que se fabrique e irá instalalo persoal propio do concello.

3º Rogo se informe das xestións feitas polo goberno municipal para solucionar os problemas que teñen as distintas redes do saneamento instaladas nas parroquias, para que poidan ser usadas polos veciños.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo reconece que o Sr. Marante é un home cumpridor, no pasado pleno, hai un mes aproximadamente, prometeulles que ía repetir a pregunta, e como a el tampouco lle gusta caer en contradicións, vaise remitir ás respostas que lle deu nese mesmo pleno, que figuran nas páxinas 10 e 11 da acta que hoxe mesmo acaban de aprobar.

Di que non ten outra explicación, esas son as xestións que están feitas e, en todo caso, para xuntarlle á acta do día de hoxe, vaille pasar ao Sr. Marante un pequeno documento coas datas concretas nas que se dirixiron a cada unha das administracións responsables destas obras e fundamentalmente dende os últimos meses. Dende o mes de agosto, son varias veces, pero tamén recollendo dende o inicio, dende antes, para que figuren aí na acta, e poidan ter toda a información.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), agradece moito que lle dea a información, que lle facilite a el unha copia, a el ou a todos os grupos, iso dálle igual, pero polo menos a el podería darlla.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que non ten ningún inconveniente, que por suposto que o fará.

O Sr. alcalde manifesta que, a continuación, van dar lectura aos rogos da concelleira non adscrita, xa que é a primeira vez que os presenta, pero advirte que foron presentados fóra de prazo.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se o prazo para presentalos non é con 48 horas de antelación.

A Sra. secretaria accidental contesta que o prazo son dous días hábiles completos.

Rogos da concelleira non adscrita presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 2307 o día 23 de febreiro de 2010.

1º Rogo se me informe en que estado se atopan as obras realizadas pola Xunta na estrada da Telva-Mesón Vasco, e se o concello realizará as obras de saneamento e abastecemento aproveitando a dita actuación.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a existencia deste proxecto a coñecen polo que saíu publicado na prensa, hai un mes aproximadamente ou tres semanas. Di que os antecedentes que hai no concello son que é unha obra que se solicitara dende o concello, xa na pasada lexislatura, pero da que non volveron ter coñecemento ata este momento.

Explica que o que se vai facer é solicitar que remitan ao concello unha copia do proxecto, xa que hai unha serie de actuacións previstas, de feito había un pequeno tramo de saneamento que tiñan intención de metelo tamén no Plan FEESL, e ao aparecer a noticia deste proxecto decidiron sacalo porque ía haber un problema de compatibilizar esta actuación.

Di que a idea que teñen é solicitar a copia do proxecto á Xunta para mirar ese tramo de rede de saneamento, e algún máis que quedaría pendente por facer, e algún cruzamento na outra parte, entre o Mesón Vasco e Os Campóns, para que unha vez feita a ampliación da estrada, despois non haxa que volver a levantala e, aínda que non se poidan acometer as obras completamente, polo menos que os cruzamentos queden feitos. Tamén para que se teña en conta, por se non o fixeron á hora de redacción do proxecto, que a propia Xunta, a propia Consellería que agora promove este proxecto, ten dado varias autorizacións ao concello, e ten feito actuacións como foi a senda que circula entre o cruzamento do Mesón Vasco e o dos Campóns, esa beirarrúa, a autorización propia para a escola de música, cun carril de servizo, en fin, unha serie de actuacións que queren comprobar que estean englobadas e que non se volvan atrás.

Conclúe dicindo que van pedilo, e despois darase a información.

2º Rogo se informe cal é a causa da tardanza no funcionamento da Escola municipal de Música.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que este é un tema que se formulou cantidade de veces en distintos plenos, concretamente no anterior a este fíxose unha exposición exhaustiva dos problemas que tiña ocasionado. Por todo isto, e para non ser repetitiva, di que mirando a acta do pleno anterior, que lles entregaron para aprobar hoxe, hai unha completa explicación.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, sinala que ela non puido asistir ao pleno anterior, pero si que soubo que nos últimos días houbo certo movemento pola zona da escola.

Dona Erundina Prado Arcay responde que, afortunadamente, segue habendo movemento, e seguen tratando de solucionar os problemas que se ocasionaron no seu momento.

3º Rogo se informe sobre a situación actual do convenio urbanístico que afecta á sede de Protección Civil de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que este convenio está como todos os convenios, pendente do Plan xeral e o que están agora é buscando sitio, unha posible colocación para o tema de Protección Civil, porque cando se aprobe o Plan, Protección Civil terá que buscar outro lugar. Di que están en contacto cos propietarios dos terreos para ver a posibilidade de renovar o convenio, pero tamén son conscientes de que Protección Civil está xa un pouco comprimida, e cre que hai que ir buscando outro sitio onde poder situalos.

Conclúe dicindo que o convenio está pendente de aprobación do Plan xeral.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 2132 o día 20 de febreiro de 2010.

1ª Que posición ten o goberno local respecto das negociacións para a futura renovación do Consorcio de As Mariñas?

O Sr. alcalde contesta que a idea que teñen é que tanto Cerceda como A Coruña pasen a formar parte do Consorcio. Di que para poder facer esas negociacións, e fixar en que condicións e como van a entrar, creouse unha mesa onde por parte do Consorcio están os Concellos de Abegondo, Betanzos e Sada, que son os que están facendo as xestións. Cando teñan datos irállelos dando.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, sinala que a pregunta era que posición ten o goberno local, ou sexa o alcalde, que posición ten o Concello de Cambre para o futuro Consorcio, se lles parece ben, mal, que propostas se fan dende Cambre, se se fai algunha. Di que eles o que preguntan é cal é a postura do Concello de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que a súa postura é favorable a que se integren outros concellos, que é o que se está intentando facer agora, ampliar o ámbito, que entre A Coruña e que entre Cerceda, ata aí están de acordo, e logo haberá que ver que condicións se establecen por parte da que se podería chamar mesa negociadora, pero eles están a prol, como non pode ser doutra maneira, do Consorcio.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que neste concello se aprobou unha moción fai tempo, a raíz do incendio dunha fábrica de deportes, no polígono de Espíritu

Santo, onde se puxo de manifesto a descoordinación existente entre os distintos servizos de Protección Civil, a boa vontade, pero a falta de coordinación, e precisamente unha das cousas das que se falou foi de que dende o Consorcio se fixese algo máis que a recollida de lixo.

Continúa dicindo que teñen aí un monumento burocrático-administrativo que só se encarga da recollida do lixo, e el o que lle pregunta ao Sr. alcalde é se dende o Concello de Cambre se fixo algunha proposta para mellorar o Consorcio, por exemplo que se xestione Protección Civil.

O Sr. alcalde contesta que un dos temas que lle queren pedir ao Concello da Coruña é que achegue o parque de bombeiros, o que haberá que ver é en que condicións e se interesa, pero para Cambre sería moi importante que o Concello da Coruña prestase o servizo de bombeiros, é un dos temas prioritarios. Outro tema importante é que dunha vez por todas se defina a liña para que os autobuses poidan entrar no centro, tamén o tema da auga, e unha serie de aspectos que todos os concellos piden. Di que dende logo Cambre está neste momento con dous temas claves que son o transporte e o parque de bombeiros, porque pensa que o de Arteixo queda demasiado lonxe.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que, entón, el o que entende é que dende o Concello de Cambre o que se propón para a futura renovación do Consorcio As Mariñas é que haxa un parque de bombeiros, ben o da Coruña, ou ben que se faga outra instalación e, por outra parte, que se xestione a auga dende o Consorcio. Di que lle ten que arrancar as respostas ao Sr. alcalde con calzador, é imposible conseguir respostas e é un maestro en estar calado, e incluso en mandar calar cando non interesa. A pregunta é sinxela, que propostas fixo o Concello de Cambre, se é que fixo algunha.

O Sr. alcalde responde que esas son dúas das que fixeron, outros sitios teñen feito outras, e loxicamente o Concello de Cambre non vai tomar unha decisión sen que a coñeza o pleno. Di que o pleno saberá o que van pedir, e recoñece que neste momento as cousas están bastante paradas. Iso é o que pode dicir.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que non deixa de ser normal que as cousas estean paradas, ou bastantes paradas, non é novidade.

2ª Que xestións ten realizado o goberno local para a mellora das rozas dos camiños nas distintas parroquias do municipio?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que se sacou a contratación do servizo ao comezo da pasada primavera, ganou unha empresa, e fixo dúas tempadas de roza, unha no comezo do verán e outra no comezo do outono.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que iso é o que se fixo, pero

pregunta que se vai facer para mellorar.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que o tempo verbal da pregunta é pasado.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que non necesita que lle dea unha clase, que con esa resposta xa lle contestou, pero tamén quere sinalar que, ademais dos camiños que se rozaron dende o concello, hai problemas con camiños que dependen, por exemplo, de Fomento, como é o caso da autovía, e el non sabe se dende o Concello de Cambre, despois das reiteradas preguntas que se fixeron neste pleno, tense feito algunha xestión, aínda que ao mellor como esta cuestión non está especificamente reflectida na pregunta, igual non lle poden responder hoxe, pode ser que o sistema organizativo do Sr. concelleiro non lle permita responder. En todo caso, os veciños de Anceis e Andeiro teñen serias dificultades para circular por algúns camiños, e a pregunta tamén é se van facer algo con iso.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o Concello de Cambre fai o mantemento é roza dos camiños municipais.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta se entón é que lle recomentan aos veciños de Anceis e Andeiro que se dirixan directamente ao Sr. José Blanco, ou pregunta se dende o Concello de Cambre se pode facer algunha xestión, ou se xa se fixo, se é que se fixo.

O Sr. alcalde contesta que loxicamente dende o concello teñen que facelas, non van deixar que os camiños invadan a autovía.

O Sr. Cubeiro di que precisamente por iso pregunta, como xa fixo noutras ocasións.

O Sr. alcalde responde que aí estiveron, e que nestes momentos están actuando nalgunhas partes, non en todas, pero si na trama do valo, pero loxicamente o concello está aí, e cando os veciños veñen ao concello, tramítanlles as cousas. Di que nestes momentos non hai moitas cousas que estean mal ou moi mal, algunhas vanse reparando.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que, en resumo, nesta lexislatura vai ser difícil que os responsables da autovía rocen o camiño.

3ª Ante a grave crise económica que sofre España e en consecuencia Cambre, rogamos nos informen de que proxectos ten pensado desenvolver a nova concelleira de Promoción Económica e Emprego.

Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo contesta que xa lles pasou aos concelleiros un informe das cousas que se fan na Axencia de Desenvolvemento Local, porque como sería moi longo dicir aquí todo o que se está facendo, ela só vai facer referencia agora ás

innovacións que están levando a cabo, por ser a situación diferente a outros anos.

Di que teñen formación, emprego e promoción económica. Están buscando desesperadamente e en todos os ámbitos que é o que agora demanda o mercado laboral, para poder darlle a formación aos cidadáns de Cambre, para que lles sexa máis cómodo buscar emprego. Con respecto a iso teñen novos proxectos entre os cales está crear este ano o taller de enerxías renovables e fontanería, xa que é unha demanda moi común no novo mercado laboral, formar aos cidadáns para que teñan ocasión de atopar traballo máis facilmente. Tamén van dar un novo tipo de soldadura, e aí entra xente moi especializada, que estivo traballando ao longo destes anos e que precisa urxentemente ese tipo de formación, demandada polo mercado laboral.

A través do proxecto Rede Xiana están poñendo a disposición de todas as administracións as instalacións municipais, porque saben que dese proxecto sae empregada moita xente, por exemplo, no ano que acaba de comezar saíron empregadas cinco persoas e dúas delas están á espera de acabar os seus contratos para ser empregados. Di que iso pasou co curso de atención a domicilio, de persoas maiores, que acaba de rematar, e xa están empregadas cinco persoas. Ademais dende a ADL conseguiron que lles collesen máis xente da que normalmente lles estaban dando, normalmente eran dúas e conseguiron que lles collesen sete persoas. Di que se puxeron a disposición de todas as administracións e buscaron todas as demandas que o mercado esixe agora, para formar aos cidadáns e que lles sexa máis fácil encontrar emprego, que é o que poden facer.

Na rama de formación obtiveron o certificado de calidade que é moi importante ter para poder competir no mercado.

Respecto da materia de emprego teñen unha orientadora laboral que asesora ás persoas que queren formar empresas, ou crear o seu propio traballo. Estanse tramitando dez peticións e dúas máis que xa se están poñendo en marcha.

Tamén estiveron indagando da Fundación da construción, que é unha das ramas que máis paro ten, a obtención do carné de profesionalidade. Queren que os veciños de Cambre sexan os primeiros en obtelo, xa que vai ser condición indispensable telo para que no futuro poida traballar esta xente. Van formar e preparar a estas persoas, e tamén concederlles dende o concello, sen que teñan que desprazarse, a posibilidade de obter o carné.

Tamén co taller de emprego que se vai crear coa restauración da casa reitoral de Pravio, van empregar tanto traballadores que van desempeñar un traballo físico, como profesionais que impartirán as clases e técnicos.

En promoción económica están iniciando os trámites para pedir o certificado de

calidade. Neste campo máis que crear emprego o que fan é axudar aos empresarios a que manteñan o emprego, e á xente, porque hoxe en día non só é importante obter emprego, senón tamén conservalo. Neste sentido di que colaboran cos comerciantes coa feira de saldos, que proximamente van facer no Temple, colaboran con eles tanto economicamente como con medios. No polígono industrial de Espírito Santo colaboran coa vixilancia, pode dicirse que axudaron a crear un posto de traballo, que sería o de vixilante do polígono.

Dende a ADL infórmase á xente do que teñen que facer para poñer en marcha proxectos, e actualmente teñen en trámite dous proxectos, un deles teñen entendido que vai ser un centro de día.

Conclúe dicindo que todo o que dixo poden completalo os Sres. Concelleiros co informe que lles entregou, que sería moi longo de explicar aquí, simplemente falou das innovacións que fixeron este ano, e que xa crearon postos de traballo.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez Cubeiro, concelleiro do PP, manifesta que pode que tamén aquí houbera un mal entendido cos tempos verbais, porque eles preguntaban polos proxectos que tiña pensado desenvolver, non unha enumeración do que se está facendo, pero en calquera caso si lle parece interesante que a Sra. concelleira dixese que se ían crear uns cantos postos de traballo coa reitoral de Pravio, e nese sentido gustaríalle que lles aclarase como está ese convenio, cando teñen previsto comezar e cantos postos de traballo van a ser.

Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo contesta que non ten inconveniente en aclarar iso, porque sabe perfectamente de que vai, pero cre que esa é unha cuestión que debe aclarar o alcalde.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 2128 o día 20 de febreiro de 2010, xunto coa moción e os rogos.

1^a Co fin de incrementar a seguridade nas infraestruturas ferroviarias, consistentes na eliminación de tres pasos a nivel existentes no noso concello, a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias ten aberto un expediente de expropiación forzosa para o fin mencionado.

Pode informarnos o goberno local da valoración do proxecto e da súa afección nas zonas de actuación, tendo en conta que nalgún lugar pode ocasionar un grave prexuízo para os veciños/as?

Ten presentado o concello algunha alegación ao proxecto?

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que respecto das alegacións presentadas xa se informou nun rogo anterior, pero que o que solicita é que se lles facilite unha copia.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que, efectivamente, a información é a mesma que deron antes. O mes pasado chegaron ao concello uns documentos coa proposta dos pasos a nivel, e no prazo estipulado presentouse unha alegación. Xa están citados para o día 9, xunto con outros propietarios que están afectados polo proxecto, na propia casa do concello para iniciar o procedemento expropiatorio.

Conclúe dicindo que mañá mesmo pódelles facilitar a copia da alegación.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que se referiu ao prexuízo dos veciños, sobre todo dos lugares de Meixigo e San Lourenzo, que están a utilizar ese camiño, e parécelle que presentaron no concello máis de 100 firmas para que o paso se faga por debaixo do ferrocarril.

Pensa que a proposta de Fomento non é nin a máis estética, nin a máis funcional, e, sobre todo, non é a máis económica. O seu grupo considera que se debe ter en conta sobre todo a eses veciños que presentaron as súas firmas. Ademais, no Concello de Cambre sempre se tivo a idea de que a ponte situada no Noceiro, preto das Telleiras, fose unha ponte a baixo nivel, agora Fomento presentou un proxecto, e haberá que dicirlle que non é o máis axeitado para esa zona.

Continúa dicindo que, de todas formas, hai outros dous pasos, un deles cre que se quere suprimir, o de Cela, e hai outro que descoñece se presentaron algunha alegación, que é o de Canal, en Cecebre. Pregunta se é certo que queren suprimir o de Cela, porque van curtar a comunicación entre zonas da parroquia

Conclúe dicindo que, en todo caso, coincide coa alegación que fixo o concello.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que a alegación vai no sentido de que se faga subterráneo, porque tamén eles pensan que é máis económico e menos impactante, aínda que pola cota que hai sería un paso habilitado unicamente para vehículos particulares, non poderían ir camións elevados. Iso foi o que propuxeron na alegación.

Respecto do paso de Cela cre que xa na práctica está suprimido como tal paso e o que están facendo é pechalos e valalos para que non ande a xente por riba das vías en determinados sitios. E no Canal vai no sentido de que están de acordo, facer un paso subterráneo un pouco antes das casas onde está agora mesmo, cerca do regato que baixa do Castrillón.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que xa dixo que eles están de acordo, porque solicitaron xa varias veces nos plenos a supresión deses pasos a nivel, porque todos son conscientes do perigo que supoñen, incluso para a mobilidade, pero por ese paso, como se dixo aquí, agora mesmo se pode desprazar un vehículo para comunicar dous lugares distintos, e doutra maneira pensa que sería un paso peonil.

2ª Sobre as condicións da cesión da casa reitoral de Pravio por parte do arcebispado.

Recentemente anunciábanse os acordos entre o concello e arcebispado, para a cesión da casa reitoral de Pravio co fin de facer uso público dos inmobles por parte dos veciños.

Considerando o noso grupo que se debe informar sobre as condicións da mencionada cesión, realizamos a seguinte pregunta:

Pode informarnos o goberno municipal baixo que condicións se fixo ou se fará a cesión das instalacións e inmobles mencionados?

O Sr. alcalde contesta que, como xa se dixo noutro pleno, estase falando coa Igrexa. Neste momento teñen un borrador de convenio que hai que modificar porque tiña algúns datos mal, pero cando estea corrixido pasaránllo aos concelleiros. Di que do que se trata é de restaurar a casa reitoral, unila coa casa da escola, unir a parte de arriba onde está hoxe a escola coa parte de arriba do que é hoxe a casa do cura, poder facer un gran salón alí, o dobre de amplo, e acondicionar a planta baixa da casa que é do cura, para que poida ter unha pequena vivenda alí. A planta é pequena, sobre 60 metros, vaise facer un proxecto e hai que facer unha valoración. A idea é que a Igrexa llelo ceda por 30 anos, sen cobrar nada, pero o concello ten que facerse cargo do mantemento da luz e da auga da casa reitoral.

Continúa dicindo que a Igrexa tamén lles deixa ocupar todos os patios que ten atrás, os chabolos, para acondicionalos para un xardín e unha praza, da que poidan gozar os veciños de Pravio, xa que está situado no mesmo centro. Agora a idea é redactar o proxecto, que xa está encargado, e unha vez que o teñan falarán cos grupos municipais e pasarano á Igrexa.

Conclúe dicindo que desexan facer a obra a través da Consellería de Traballo, a través da escola taller.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que como ben saben todos o tema da escola taller na casa reitoral de Pravio foi unha iniciativa longamente demandada polo seu grupo e agardan que se realice en pouco tempo.

O Sr. alcalde aclara que fala dunha escola taller para ese caso.

O Sr. Taibo Casás di que o que tamén lles preocupaba era o tema dos anos de cesión por parte da Igrexa, e parécelles que un prazo de 30 anos pode ser un prazo prudente, porque o que non se pode é aceptar unha cesión para 10 anos, para facerlle o traballo á Igrexa e que por riba esta se quede co patrimonio.

O Sr. alcalde di que son 30 anos prorrogables e que, ademais, unha vez asinado o convenio cos proxectos aprobados e demais, teñen unha marxe para facer a obra de cinco anos.

3ª Os datos de paro correspondente aos últimos meses, amosan un incremento considerable do número de persoas en situación de desemprego no Concello de Cambre, esta tendencia á alza é unha constante dende o mes de xaneiro de 2009, cun incremento do paro a día de hoxe de 334 persoas. Polo tanto podemos dicir que o paro é un dos problemas importantes que temos tamén en Cambre.

Sendo esta unha das tarefas que debe abordar o goberno, e procurar unha maior calidade de vida dos seus veciños/as, estimamos que debería abordarse de maneira urxente o problema.

Ten previsto o goberno local algún tipo de medida para tentar revertir a situación de desemprego existente no concello?

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que a concelleira responsable desta área acaba de responder outra pregunta, e parécenlle ben as iniciativas que teñen tomado, que se van tomar, tamén coa mención do tema da casa reitoral de Pravio, pero eles consideran que o problema do paro, tanto en xeral no Estado, en Galicia, como sobre todo aquí no Concello de Cambre, é un problema moi complexo e cre que dentro das medidas das que falou a Sra. concelleira, deberíanse de formular outro tipo de medidas que debe afrontar o goberno, pero que as debe afrontar con valentía.

Di que todos son conscientes nesta corporación da cantidade de horas extras e de prebendas, que non di que estean mal pagadas, que se están facendo neste concello. Hai unha serie de horas extras e de gratificacións e outro tipo de cuestións que pensa que hai que afrontar con valentía e cre que debería ser unha das medidas que se deberían afrontar xa dende o equipo de goberno. O seu grupo considera que a xunta de persoal debe poñer en marcha as medidas necesarias para chegar a uns obxectivos concretos e para deixar de pagar esas horas extras e gratificacións, aínda que como xa dixo, eles non van entrar a valorar se os traballadores son merecedores ou non son merecedores deses complementos que lles pagan, porque están seguros e non poñen en dúbida a súa capacidade no desenvolvemento do seu traballo, iso queren deixalo moi claro.

Continúa dicindo que pensa que todos deben contribuír a paliar a eiva social que é o

paro, e que sobre todo en Cambre teñen ferramentas e débese afrontar con valentía, porque é un servizo que lle teñen que prestar aos veciños que representan, para procurarlles sobre todo unha mellor calidade de vida. Antes faláron da creación de postos de traballo, e non fai moito aquí no pleno, cre recordar que foi no mes de agosto, prometeuse a creación inmediata de 24 postos de traballo. Comentaba o Sr. ex-concelleiro de Facenda, o Sr. Salcines, que se ían crear 24 postos de traballo, e eles non teñen coñecemento de que iso fora real, sabe que algúns si foron efectivos, mediante contratacións, pero non se chegaron aos 24 postos. Di que pensa que é un tema de solidariedade, e como dixo antes cre que todos teñen que traballar menos horas, ou mellor dito, só as horas que lles corresponden e así poder traballar todos un pouco.

Segue dicindo que en Cambre existen verdadeiros dramas sociais por problemas de paro e desemprego, hai xente que vai pedindo polas casas, e esta corporación non se pode permitir que aquí haxa persoas que dobren o seu salario en horas extras e gratificacións, que xa dixo que non é culpa deles, e que haxa xente engrosando a lista do paro. Dille a Sra. concelleira que el pensa que iso hai que atallalo, e que ela acaba de chegar, pero que ten un cometido moi importante nisto. Non sabe exactamente canto, pero sobre 9000 ou 10000 euros estanse pagando cada mes no concello en concepto de horas extras e gratificacións, e pensa que iso non se pode permitir.

Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo manifesta que efectivamente é así, pero que ese é un tema máis ben do Departamento de Persoal, xa que ela non pode facer nada coas horas extras da xente, ese é un tema que pode mirar a concelleira de Persoal. En canto a eses 24 postos dos que falaba o Sr. Salcines, ela non sabe desa resposta, pero agora mesmo están en vías de pedir a subvención para contratación de xente para o concello, e iso é o máximo que poden facer, contratar xente a través de subvencións para os distintos departamentos, e así tamén se van crear ao mellor 6 ou 7 postos de traballo, depende da subvención que lles dean, pero que, en todo caso, respecto do tema do persoal municipal non é ela a persoa que ten que facer, pero tratará de convencer a concelleira de Persoal.

Dona Carmen Tato Lago di que a ela non a ten que convencer de nada, que é obvio.

Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo di que era broma.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que non se trata de convencer a ninguén, e que esta cuestión non é só do concelleiro de Facenda, de Obras, do alcalde, senón que é unha cuestión que compete a todo o equipo de goberno e a toda a corporación, porque non deben esquecer que neste carro están todos, e diso é do que se teñen que sensibilizar.

Preguntas do GM (PG) presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 2228 o día 22 de febreiro de 2010.

1ª Despois de que aparecese na prensa información sobre o trazado do AVE. Cal é o motivo polo que aínda non se ten convocado a comisión creada para o seguimento deste tema?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que co proceso de creación das novas comisións informativas o acordo plenario incluía que a comisión informativa especial que estaba creada para o Plan xeral e a que estaba creada para o AVE, pasaban a formar parte como temas específicos da Comisión Informativa de Urbanismo, así que a comisión especial non se podería convocar porque xa desapareceu, pero supón que, en todo caso, ao Sr. Marante o que lle interesa é o fondo da cuestión, o tema do AVE.

Di que o outro día xa o comentaron, pensa que foi na comisión informativa ou na xunta de voceiros, non está seguro, e xa lle dixo que non había ningunha información que fora da suficiente envergadura ou da suficiente fiabilidade como para facer un debate. Todos saben que este tema saíu aos medios fai algo máis dunha semana, por unhas declaracións que fixeron os dous alcaldes veciños de Abegondo e de Carral, e que o basearon nun erro, nun documento mal feito pola enxeñería que ten encargado, por parte do Ministerio de Fomento, o estudo informativo. Así llelo confirmaron de maneira oficial, e agardan que dun momento a outro tamén llelo confirmen de maneira formal e o comuniquen dende o Ministerio. Di que así o fixeron de maneira persoal, en concreto o secretario xeral de Infraestruturas do Ministerio de Fomento, que aclarou que non había ningún corredor eliminado previamente e que seguían todos en estudo. Polo tanto, seguen todos en estudo, non hai outra cousa, e foi un erro da enxeñería e supón que tamén por erro, non por mala intención, dous alcaldes o utilizaron para saír publicamente.

Continúa dicindo que dende o concello o que fixo o propio alcalde foi solicitar unha entrevista co secretario xeral de Infraestruturas do Ministerio de Fomento para que aclare en persoa estas cuestións, e niso é no que están. A información que hai é que todas as alternativas seguen en estudo, que non hai ningunha decisión técnica nin política tomada sobre o futuro trazado que se vai facer. En todo caso, cando chegue algunha información, algunha comunicación, evidentemente reunirán á xunta de voceiros ou á Comisión Informativa de Urbanismo, para tratar do tema.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que na súa pregunta fala da comisión creada para o seguimento deste tema, e esa sería a comisión informativa correspondente, non fala de que teña que ser unha especial. En calquera caso, a alarma social que se creou pensa que merecía unha reunión para falar, polo menos os voceiros, se é que non querían convocar a todos os concelleiros. Pensa que merecían unha reunión para explicar a situación, e non que lles digan agora que iso foi unha falsa alarma, xa que iso de que foi unha falsa alarma xa o verán dentro de pouco tempo.

2ª Máis de 100 veciños da parroquia de Anceis solicitaron por rexistro de entrada no concello fai 15 meses, a instalación dunha marquesiña no alto da Rocha. Para cando ten pensado o goberno municipal atender esta solicitude?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el era coñecedor desta petición porque o mesmo Sr. Marante lle ten falado dela fai, máis ou menos, mes e medio. Di que a marquesiña custa un diñeiro, entre 5000 e 7000 euros, dependendo dos modelos, e o que estaban era agardando a ter un orzamento aprobado para algunhas que hai que poñer, non para moitas, porque tampouco daría o orzamento para moito, e entre esas meter esta á que se fai referencia na pregunta.

En todo caso, e en previsión de que aínda queda un tempo para que o orzamento estea en vigor, máis ou menos un mes e medio, o que si van facer é dúas cousas, nas que pensa estarán todos de acordo. En primeiro lugar van mirar se onde está esa parada dispoñen de terreo público e se non é así, se a persoa do terreo privado o cede para instalar a marquesiña e, en segundo lugar, tendo o terreo dispoñible, como é unha estrada estatal, tramitar a solicitude para poder instalala.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que, efectivamente, el xa lle falou desta marquesiña. Cando o Sr. Iglesias se fixo cargo de Obras e Servizos, deulle unha fotocopia da solicitude para que analizase o tema, e logo foille preguntando varias veces por el. Efectivamente aí hai que facer unha serie de xestións, pero o certo é que segue sen facerse ningunha. El dende logo non traería este tema a pleno, porque lle parece importante para os veciños, pero tampouco é unha cousa que ao mellor se deberá tratar no pleno, pero o Sr. concelleiro de Obras sabe que é unha cousa da que xa lle falou en varias ocasións, interesándose polo tema, porque lle preguntaban os veciños e porque tamén el cre que é lóxico que se poña, sobre todo tendo en conta a situación na que teñen que estar os pais e nais que agardan polo nenos.

Conclúe dicindo que, respecto de que a marquesiña vale entre 5000 e 7000 euros, eles non piden marquesiñas de luxo, só piden unha marquesiña para que se poida abrigar a xente, e parécelle que o prezo debeu de subir moito ultimamente para valer de 5000 a 7000 euros.

A continuación, e antes de dar lectura ás preguntas que presentou para este pleno, dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que lle gustaría facer un pequeno inciso aos rogos que fixo antes. Di que lle agradece á Sra. concelleira de Cultura que lle puxera ao corrente de que a pregunta da escola de música estaba na acta do pleno anterior, pero tamén sente que non teña a mesma paciencia para contestar unhas preguntas repetidas a uns e a outros, xa que o PP tamén fixo a mesma pregunta da auditoría externa e esta vez si que lle contestou.

Di que se ela preguntou polo que pasaba coa escola de música foi porque como se di na acta, díxose que se tiña rescindido o contrato coa empresa, e era por se tiña habido algunha negociación ou algunha charla coa empresa para que esta semana se seguira traballando aí.

Dona Erundina Prado Arcay responde que agora está facendo outra pregunta e que ela contestoulle á pregunta que fixo antes, e que agora está facendo outra distinta.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que non lle contestou a ningunha.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que se remitiu á acta porque a resposta era moi longa, porque desafortunadamente o problema tamén foi grande, e estendeuse no tempo. Agora a pregunta é se rescindiron o contrato coa empresa, e a resposta é non, de momento é non.

Preguntas da concelleira non adscrita presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 2308 o día 23 de febreiro de 2010.

1^a No proxecto Arume atópase incluída a actuación de Humanización do Graxal, unha das obras será a reforma da rúa Pígara e Padre Feijóo.

En que estado se atopa este proxecto e que outras actuacións ten pensado incluír o equipo de goberno e se van ter reunións coas asociacións, empresarios e veciños da zona para coñecer as súas suxestións.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o proxecto que corresponde á rúa Pígara e Padre Feijóo foi presentado a pasada semana pola empresa a quen se lle adjudicou a súa redacción. Di que lle deron o visto e prace e que están ultimando os trámites para entregalo definitivamente, para así podelo aprobar e poder sacar xa a licitación a obra. As outras actuacións que están previstas van saír unha vez teñan cuantificado exactamente o custo dese proxecto, porque hai que facer unha resta, dos aproximadamente 900.000 euros que estaban destinados no programa Arume ao Temple, haberá que restar o importe do proxecto da rúa Pígara, e ver canto lles queda.

Di que están barallando facer actuacións no contorno próximo ao remate da rúa Padre Feijóo, o parque infantil que está no paseo marítimo. Tamén na praza ao remate de Celso Emilio Ferreiro con Párroco Manuel Cobas e, finalmente, unha actuación pegada ao colexio do Graxal. Precisamente algunhas destas ideas saíron de reunións con asociacións que xa houbo especificamente para este tema, cre que foi a finais de setembro ou primeiros do mes de outubro, non lembra exactamente a data, e recentemente, fai aproximadamente unha semana, constituíse o Grupo de acción urbana,

que é un organismo de participación que vai incluído no programa Arume. Di que viñeron as asociacións que forman parte deste proxecto e algunha máis, como a asociación de empresarios, que pediu estar presente, e faláron xa algo do tema do Temple, en relación co Arume pero tamén en relación co POS, en relación co Plan de asfaltados que teñen coa Deputación, e en relación co proxecto de renovación do colector do Paseo dos Templarios, porque di que durante este ano van a coincidir un montón de actuacións e ademais de ideas unha das cuestións das que queren falar coas asociacións da zona é a coordinación para intentar que as molestias sexan as mínimas, dentro de que van a existir e van ser inevitables, pero polo menos que sexan as mínimas.

Conclúe dicindo que iso foi xa tratado nunha reunión e que se comprometeron coas asociacións da zona a ter próximas reunións unha vez que teñan os proxectos do FEESL aprobados, que tamén é unha cuestión importante, e os proxectos xa definidos.

2ª O pasado 11 de febreiro usuarios do curso de relaxación no Temple presentaron por rexistro municipal un escrito solicitando volver ao local sociocultural do Graxal para seguir realizando alí a actividade, xa que no que están provisionalmente non poden realizala satisfactoriamente por falta de espazo.

Cando poderán volver estes usuarios ao local sociocultural do Graxal?

Dona Erundina Prado Arcay contesta que, efectivamente, o 11 de febreiro recibíuse esa solicitude e ante iso reuniuse persoalmente coas persoas afectadas, chegouse a unha conclusión satisfactoria para todos, e volverán ao local a facer esa actividade de relaxación, pode ser dentro de 8 días ou 15 días, porque estanse finalizando as obras nese centro e, no momento en que finalicen, poderán volver.

3ª Cal é o sentido, función e obxectivo práctico da Xunta de Coordinación (de recente creación) á marxe do cobro de axudas de custo dalgúns concelleiros?

O Sr. alcalde contesta que o sentido é coordinar as accións do equipo de goberno e así se pode ver nas actas desas reunións, estase sacando traballo e pensa que o tema é importante, pero sobre todo o seu obxectivo é coordinar as accións de todo o equipo de goberno.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, di que esas actas son seguramente curtas, de cinco ou dez minutos.

O Sr. alcalde di que hai que ver as actas, que nalgúns estase bastante, pero que se poden ver as actas.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Antonio Varela Saavedra

Verónica María Otero López